



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASSOCIAÇÃO RECREIO DOS ANCIAOS PARA ASILO DA VELHICE DESAMPARADA EN RÍO DE JANEIRO (BRASIL) PARA CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS RESIDENTES EN RÍO DE JANEIRO (BRASIL).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Associação Recreio dos Anciaos para Asilo da Velhice Desamparada en Rio de Janeiro (Brasil) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2018.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes co fin de contribuír á atención das necesidades socio asistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes en Río de Janeiro e na súa area xeográfica, que por razóns de idade e/ou circunstancias socio familiares teñan problemas de autonomía persoal a través da concesión dunha axuda de carácter singular a esta entidade sustentada en razóns de interese público e humanitario.

Que en Río de Janeiro (Brasil) reside unha amplísima colonia de galegos e dos seus descendentes da que forma parte un colectivo de persoas anciáns que por razóns de idade, saúde e ou circunstancias familiares –que están a sufrir unha situación socio económica que xera un deterioro do seu nivel de vida, que se está a agravar debido á





falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e asistencial para este colectivo.

Que a Associação Recreio dos Anciaos para Asilo da Velhice Desamparada, de Río de Janeiro fundada en 1940 por emigrantes galegos é unha entidade benéfica, sen ánimo de lucro, cúa finalidade é acoller temporal ou permanentemente á anciáns de xeito gratuïto, dando prioridade ós galegos e españois necesitados. Esta asociación está rexistrada como centro colaborador da galeguidade no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría xeral da Emigración.

Que dita entidade é un dos referentes fundamentais na atención socio sanitaria e de asistencia ás persoas de idade avanzada en Río de Janeiro e a súa contorna. Nas súas instalacións, que contan con 250 habitacións, teatro, capela, biblioteca e unha ampla área de espaxamento leva a cabo unha asistencia integral ós acollidos que inclúe alimentación, vestiario, servizos médicos, fisioterapia, terapia ocupacional, actividades culturais, etc., mellorando así o aspecto social, emocional e sociolóxico dos acollidos.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrencia pública.

Para o financiamento das actuacións previstas, a Secretaría Xeral da Emigración achegará vintecinco mil euros (25.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por





Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 14 de febreiro de 2018.

Antonio Rodríguez Miranda

